




Programa Virada

**Programa para o fortalecemento do liderado de
Equipos de dirección en entidades de economía
social.**

*Unha das manobras máis importantes na náutica
a vela é a virada, que consiste en cambiar de
rumbo. A virada ten varias formas de realizarse,
xestionando as velas e a a tripulación para
aproveitar os ventos.*

**III Edición. Outubro de 2017 a Abril de
2018**

01 PROGRAMA VIRADA.....	3
02 PRESENTACIÓN.....	4
Que pretendemos?	4
Que traxectoria ten o Programa?	4
Cal é o enfoque de traballo?	5
Cal é o desenvolvemento xeral?	5
03 INFORMACIÓN	6
Dirixido a.....	6
Duración e compromisos.....	6
Itinerario formativo	7
Inscripción	8
Prezo	8
04 OBXECTIVOS.....	9
Competencias estratéxicas	9
Competencias interpersoais.....	10
Competencias persoais	10
05 METODOLOXÍA.....	11
06 CONTIDOS	12
Primeiro Obradoiro.....	12
Segundo Obradoiro	12
Terceiro Obradoiro	12
Cuarto Obradoiro	13
07 FACILITADORES	14
Fundación EDE	14
Algalia.....	14

01 PROGRAMA VIRADA

Programa Virada

Programa para o fortalecemento do liderado de Equipos de dirección en Entidades de economía social.

Unha das manobras máis importantes na náutica a vela é a virada, que consiste en cambiar de rumbo. A virada ten varias formas de realizarse, xestionando as velas e a tripulación para aproveitar os ventos.

III Edición. Outubro de 2017 a Abril de 2018.

Organiza:

- [Algalia](#).

Colabora:

- [Fundación EDE](#).

Contacto:

- Rúa Faisán, 7 entlo A. 36205. Vigo. Pontevedra.
- algalia@algalia.com
- 986 379 587

02 PRESENTACIÓN

Que pretendemos?

O PROGRAMA VIRADA vai dirixido a Equipos de dirección de Entidades de economía social, co propósito de que estes desenvolvan as súas competencias de liderado, xestión e dinamización de equipos, necesarias para enfrontar retos e superar dificultades.

As Entidades de economía social están a responder ao desafío de ser axentes de cambio e transformación no seu ámbito de influencia, e a nosa experiencia é que esta contribución social incrementa a súa efectividade cando o Equipo de dirección afronta e lidera a resposta aos retos dos tempos e se converte en inspiración para o resto de persoas e equipos da Entidade.

O impulso do Equipo de dirección resulta clave para que unha Entidade de economía social acade o cumprimento da súa misión, a institución desenvolva un proxecto atractivo, viable e sostible, e mellore a satisfacción de todas as partes implicadas no proxecto.

Pretendemos acompañar a Equipos de dirección para contribuír a facer máis efectivos as Entidades de economía social.

Que traxectoria ten o Programa?

A intención de Algalia é trasladar e adaptar ás características propias da nosa comunidade a exitosa experiencia en Euskadi, contando coa participación de docentes e facilitadores de Fundación EDE.

O Programa VIRADA desenvolveu a súa primeira edición en Galicia entre novembro de 2015 e abril de 2016.

Cal é o enfoque de traballo?

O Programa incorpora enfoques e ferramentas que proveñen do **Desenvolvemento Organizacional** e do **Coaching de equipos**, coas que se pretende:

- Facilitar procesos nos que as persoas e equipos modifiquen as súas accións para lograr resultados máis efectivos, procesos que favorezan o cambio na *forma de observar a realidade* para abrirse a máis e novas posibilidades, antes inimaxinadas ou non contempladas.
- Desenvolver competencias conversacionais e emocionais que contribúan a desenvolver relacións entre os membros do equipo máis *afectivas* e *efectivas*.
- Repensar as formas de coordinación de accións de cara a lograr equipos de maior *calidade* e *calidez*.
- Promover a *integridade das persoas e equipos* coa misión, visión e valores da Entidade.

Cal é o desenvolvemento xeral?

As 5 Entidades de economía social participantes compartirán espazos de **formación presencial en formato Obradoiro** cos facilitadores de Fundación EDE, e **sesións de Coaching de equipos** a cargo dos coachs de Algalia.

Os participantes contarán con ferramentas en liña para o traballo colaborativo.

A carga de traballo durante o Programa será a seguinte:

- Antes de Nadal de 2017:
 - o Primeiro Obradoiro: xoves 05-10-2017.
 - o Primeira sesión de Coaching de equipos.
 - o Segundo Obradoiro: xoves 23-11-2017.
- Despois de Nadal de 2017:
 - o Segunda e terceira sesión de Coaching de equipos.
 - o Terceiro Obradoiro: xoves 22-02-2018.
 - o Cuarta sesión de Coaching de equipos.
 - o Cuarto Obradoiro: xoves 12-04-2018.

03 INFORMACIÓN

Dirixido a

O PROGRAMA VIRADA vai dirixido a Equipos de dirección de Entidades de economía social, co propósito de que estes desenvolvan as súas competencias de liderado, xestión e dinamización de equipos.

- O número de prazas está limitado a un **máximo de 5 entidades**.
- Por cada entidade poderán participar un mínimo de 3 e un máximo de 7 persoas do Equipo de dirección.
- Algalia resérvase o dereito de suspender a edición do programa por razóns organizativas.

Duración e compromisos

O PROGRAMA VIRADA pretende promover unha intervención con pegada e impacto na Entidade de economía social, conxugando os momentos de reflexión e debate cos propios da xestión cotiá. Combina diferentes espazos e metodoloxía de aprendizaxe, xerando unha transformación que posibilita a xestión do cambio.

Abarca dous trimestres do curso escolar, e estrutúrase nesta edición dende **outubro de 2017 ata abril de 2018**.

Os compromisos de traballo presencial que adquiriran os Entidades de economía social participantes son os seguintes:

- **Obradoiros:** formación presencial compartida polo Entidades de economía social participantes.
 - o 4 obradoiros, de 8 horas de duración cada un, a traballar en Vigo (ou outra localidade de Galicia, acordada por Algalia cos participantes unha vez pechada a inscrición).
- **Sesións de Coaching de equipos:** acompañamento personalizado a todos e cada unha das entidades participantes.
 - o 4 sesións de Coaching de equipos, de 3 horas de duración cada unha, a desenvolver en cada un das entidades participantes no Programa.

Itinerario formativo

O itinerario formativo a desenvolver no PROGRAMA VIRADA é o seguinte:

	Actividade	Participantes	Data e horario	Lugar
1	Primeiro Obradoiro	Todas as Entidades de economía social participantes	05-10-2017 (8 horas)	Vigo
2	Primeira sesión de Coaching de equipos	Equipo de dirección de cada Entidade	Antes do vindeiro Obradoiro (4 horas)	En cada Entidade participante
3	Segundo Obradoiro	Todos os Entidades de economía social participantes	23-11-2017 (8 horas)	Vigo
	Nadal	Nadal	Nadal	Nadal
4	Segunda sesión de Coaching de equipos	Equipo de dirección de cada Entidade	Antes do vindeiro Obradoiro (4 horas)	En cada Entidade participante
5	Terceira sesión de Coaching de equipos	Equipo de dirección de cada Entidade	Antes do vindeiro Obradoiro (4 horas)	En cada Entidade participante
6	Terceiro Obradoiro	Todas as Entidades de economía social participantes	22-02-2018 (8 horas)	Vigo
7	Cuarta sesión de Coaching de equipos	Equipo de dirección de cada Entidade	Antes do vindeiro Obradoiro (4 horas)	En cada Entidade participante
8	Cuarto Obradoiro	Todas as Entidades de economía social participantes	12-04-2018 (8 horas)	Vigo

Cada Entidade de economía social marcará as datas das sesións de Coaching de equipos en coordinación cos coachs de Algalia.

Inscripción

O prazo de inscrición finaliza o **15 de setembro de 2017**.

A inscrición realízase seguindo o seguinte procedemento e requisitos:

1. Para proceder á inscrición, cada entidade enviará por correo electrónico á secretaría de Algalia (algalia@algalia.com) o formulario de inscrición.
2. Entrevista presencial de membros do equipo do Programa coa ou coas persoas responsables do Equipo de dirección da Entidade de economía social.
3. A inclusión no Programa, unha vez revisado que se cumpren os requisitos de admisión, establecerase por orde de inscrición.
4. O número de prazas é dun máximo de 5 Entidades de economía social.
5. Cada un destes poderá aportar un máximo de 7 persoas e un mínimo de 3 por Equipo de dirección.
6. Para optimizar os espazos de formación en formato Obradoiro, as persoas participantes nos mesmos non superarán o número de 25.

Prezo

O **prezo total por** entidade entre 3 e 5 membros do Equipo de dirección, será de 4.960 €. Nos casos de equipos cunha composición superior a 5 membros, isto suporá un incremento do prezo, que se terá que estudar co coordinador do programa.

Este prezo inclúe, para todo o Equipo de dirección participante:

1. 32 horas de formación presencial en formato Obradoiro.
2. 12 horas de Coaching de equipo na propia entidade.

Este Programa pode ser bonificado pola **Fundación Estatal para a Formación no Emprego**. O importe bonificar será calculado especificamente para cada entidade durante o proceso de inscrición, e xestionado por Algalia.

04 OBXECTIVOS

O PROGRAMA VIRADA vai dirixido a Equipos de dirección de Entidades de economía social, co propósito de que estes desenvolvan as súas competencias de liderado, xestión e dinamización de equipos.

Coa metodoloxía proposta desenvólvense competencias no ámbito persoal, no ámbito do propio Equipo de dirección e no ámbito da organización.

Presentamos as competencias agrupadas en tres bloques:

- Estratéxicas.
- Interpersoais.
- Persoais.

Competencias estratéxicas

Dirección estratéxica

Capacidade para identificar os puntos fortes e débiles da organización, anticiparse ás tendencias da contorna e xerar novas liñas de traballo, servizos, proxectos, etc.

Orientación ao cliente

Capacidade para atender adecuadamente as necesidades do cliente, creando e consolidando unha relación de valor para ambas partes.

Rede de relacións

Capacidade para crear e fortalecer unha rede de contactos con persoas crave e axentes que facilitan o bo funcionamento da organización.

Negociación

Capacidade para chegar a acordos satisfactorios para todas as partes implicadas no proceso, xerando o maior valor engadido posible.

Competencias interpersoais

Dirección de equipos

Capacidade para xerar e fomentar un ambiente de cohesión e colaboración entre todos os membros do equipo, orientado á consecución da misión e os obxectivos da organización.

Comunicación

Capacidade para escoitar e expresarse, establecendo o modo e o momento oportuno para transmitir unha idea de maneira efectiva.

Delegación

Capacidade para transferir ao equipo o espazo e os recursos necesarios para a toma de decisións e o logro dos seus obxectivos.

Xestión do talento

Capacidade para desenvolver optimamente o potencial posible do equipo.

Competencias persoais

Análise de problemas e toma de decisións

Capacidade para identificar de maneira efectiva a información relevante, xerar distintas solucións e executar a liña de traballo óptima para cada situación.

Xestión do tempo

Capacidade para priorizar as tarefas, programar as actividades de maneira adecuada e executalas no prazo previsto.

Xestión do cambio e aprendizaxe

Capacidade para facer fronte ao cambio e asimilar novos coñecementos e comportamentos.

Autocontrol e equilibrio

Capacidade para reaccionar co estado de ánimo apropiado e comportándose de maneira ecuánime ante calquera situación.

05 METODOLOXÍA

Para afianzar a aprendizaxe, garantir a adquisición de competencias e a transferibilidade ao posto de traballo diario de cada persoa en cada Entidade de economía social, o PROGRAMA VIRADA basease nos seguintes **principios**:

Primeiro principio

Ten como centro as persoas dos Equipos de dirección, e ofrece dende o recoñecemento e o respecto, unha batería de ferramentas que cada equipo moldea, axusta, prioriza e desenvolve.

Segundo principio

Pide compromiso ás persoas que participan nel, incide na realidade concreta da entidade e ten como obxectivo a mellora e o cambio.

Terceiro principio

Propón actividades, contidos e dinámicas activas que inciden na capacidade de pensar, crear e propor das persoas, nas que dende o seu punto de vista e partida, medran, maduran, evolucionan e integran as aprendizaxes, xerando unha aprendizaxe significativa que favorece o cambio.

Cuarto principio

Traballa para o procomún do sector da economía social, tomando como punto de partida e clave do proceso a creación de vínculos, a aprendizaxe colaborativa e o intercambio de recursos.

Quinto principio

Ten un soporte vital no encontro presencial, onde desde claves de participación e creación conxunta, desenvólvense procesos de escoita, desafo, creación de criterios e achegas de melloras.

Estes procesos son xeradores de aprendizaxe, contraste, crecemento, encontro, comunidade e rede.

06 CONTIDOS

Primeiro Obradoiro

A nosa mirada ao Equipo e á rede

- Premisas previas para a xestión do cambio:
 - o Aprender a aprender.
 - o O cambio de observador.
- As competencias conversacionais nos equipos.
 - o Propor e indagar.
 - o As declaracións (a fala).
 - o A escoita.

Segundo Obradoiro

Equipo: identidade e funcionamento

- O funcionamento dun equipo:
 - o Os sistemas.
 - o A historia.
 - o Cultura e valores.
 - o Hábitos e normas.
- A interacción no equipo:
 - o peticións e ofertas.
 - o As promesas: o ciclo de coordinación de acción.
 - o A confianza.

Terceiro Obradoiro

Interacción, relación e dinámica de equipo

- A complementariedade dentro do equipo.
- Os xuízos e a avaliación como equipo.
- O modelo ganar- ganar.
- Os roles.
- Talentos e debilidades: dous polos.
- As emoción e as relacións.
- As relacións entre os equipos.
- Sinerxías de equipos e redes.
- Fortalecemento de rede: do eu ao nós.

Cuarto Obradoiro

Visualización da aprendizaxe, compromisos e futuros

- Sistemas: identificación e recoñecemento dos distintos sistemas de pertenza e relación.
- Visualización da aprendizaxe e compromisos en cada equipo: análise do proceso e ferramentas adquiridas e compartidas nas sesións presenciais.
- Visualización da aprendizaxe na rede e compromisos futuros: a importancia do compartir os seguintes pasos, retos e ilusións.

07 FACILITADORES

Fundación EDE

www.fundacionede.org

Ander Mimenza

É responsable de Bidera (liderado e emprendizaxe social) e consultor da área de consultoría da Fundación EDE acompañando procesos de fortalecemento e desenvolvemento organizacional.

Compaxina esta labor de coordinación e consultoría, coa de coaching e facilitación de cursos: planificación estratéxica, comunicación e mercadotecnia, liderado, competencias conversacionais, perspectiva sistémica, etc.

É experto en mercadotecnia e xestión de entidades sociais, así como coach ontolóxico, sistémico e PNL.

Itziar Garay

Desenvolve o seu labor no servizo de calidade dentro da área de consultoría da Fundación EDE acompañando procesos de fortalecemento organizacional.

Compaxina este labor de consultoría coa de coaching e facilitación de cursos: sistemas de xestión de calidade, xestión de persoas, liderado, competencias conversacionais, perspectiva sistémica, etc.

Formouse como coach ontolóxico, sistémico e PNL con especialistas destas disciplinas.

Algalia

www.algalia.com

Miguel Barbosa

É socio consultor de persoas e procesos, e coach de equipos en Algalia.

Diplomado en Ciencias empresariais (especialidade de Recursos humanos), e diplomado en Relacións Laborais (Universidade de Vigo), Posgrao en coaching de equipos (Mondragón Unibertsitatea), Master en Calidade (INGAFOR), Master en Xestión Ambiental (INGAFOR) e Master en Prevención de Riscos laborais (especialidades de ergonomía e psicociocioloxía aplicada, hixiene industrial e seguridade no traballo, INGAFOR).

Desde o ano 2000 foi formador en diferentes Master e Cursos superiores de Calidade, prevención de riscos laborais, recursos humanos e medioambiente.

En 2005 inicia a súa traxectoria como consultor de desenvolvemento organizativo en Algalia, onde na actualidade é consultor sénior e responsable da área de consultoría.

David Pereiro

É socio consultor de estratexia e coach persoal e de equipos en Algalia.

Facilitou numerosos procesos de planificación estratéxica con entidades non lucrativas e responsabilizouse da elaboración e avaliación de proxectos para administracións públicas autonómicas e estatais.

É educador social, licenciado en Filosofía (USC), Master en consultoría e xestión de procesos de desenvolvemento organizacional (Universidad de Valladolid), Master en coaching de persoas e equipos (Mondragón Unibertsitatea) e Posgrao en coaching de equipos (Mondragón Unibertsitatea).